

cia adquirida desde a creación dos organismos pagadores das comunidades autónomas demostra que a súa actuación permite asegurar a boa xestión dos fondos comunitarios, polo que o mantemento do seu número actual é coherente co establecido polo Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005.

A existencia de suficientes elementos en común na xestión dos pagamentos agrícolas e de desenvolvemento rural, as sinerxías derivadas da súa administración conxunta e a conveniencia de manter o número actual de organismos pagadores en cada comunidade autónoma aconsellan que estes asuman a xestión e pagamento dos programas de desenvolvemento rural na súa totalidade. Pola súa vez, o Fondo Español de Garantía Agraria deberá actuar como organismo de coordinación único dos pagamentos do FEAGA e do FEADER en España. Tanto os organismos pagadores como o organismo de coordinación deberán efectuar as adaptacións oportunas para asumir esas novas funcións e facer novación da autorización de que dispoñen antes da posta en funcionamento dos novos fondos agrícolas europeos.

Este real decreto ordena a realización dos ditos cambios organizativos e establece o prazo en que deberán adecuarse as actuais estruturas ao novo esquema de financiamento da política agrícola común.

A adaptación do marco normativo interno ao réxime consagrado no Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, lévase a cabo mediante a extensión da aplicación do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, ao desenvolvemento das novas funcións dos organismos pagadores e de coordinación, posto que o dito regulamento non modificou as obrigas dos organismos pagadores e de coordinación e, por iso, non afecta o contido do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas.

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 28 de abril de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo 1. Réxime normativo.

O réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas, Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), será o establecido no Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía.

Para os efectos anteriores, as referencias efectuadas no citado real decreto á sección Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) entenderanse feitas aos fondos europeos agrícolas; as efectuadas ao Regulamento (CE) n.º 1258/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre o financiamento da política agrícola común, entenderanse realizadas ao Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, e as efectuadas ao Regulamento (CEE) n.º 1663/1995 da Comisión, do 7 de xullo de 1995, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 729/70 do Consello no que concirne ao procedemento de liquidación de contas da sección de Garantía do FEOGA, á regulamentación comu-

nitaria de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005.

Artigo 2. Adaptación dos organismos pagadores e de coordinación.

1. En cada comunidade autónoma existirá un só organismo pagador para a xestión dos pagamentos dimanantes do FEAGA e do FEADER. O dito organismo deberá estar autorizado antes de declarar calquera gasto con cargo aos fondos europeos agrícolas.

2. O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) actuará como organismo de coordinación de todos os pagamentos procedentes do FEAGA e do FEADER en España.

3. As comunidades autónomas autorizarán os seus organismos pagadores e organismos de certificación conforme o Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, e as súas disposicións de desenvolvemento, e comunicaran ao FEGA con antelación abonda para a súa transmisión á Comisión Europea.

4. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación autorizará o FEGA como organismo pagador, respecto das actuacións en que o Estado teña competencia de xestión, resolución e pagamento, e como organismo de coordinación, conforme o Regulamento (CE) n.º 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, e as súas disposicións de desenvolvemento.

Disposición transitoria única. *Permanencia das autorizacións concedidas.*

As autorizacións actuais dos organismos pagadores, para os efectos da sección Garantía do FEOGA, poderán permanecer en vigor mentres a normativa comunitaria permita realizar pagamentos con cargo á devandita sección.

Disposición derradeira primeira. *Competencia.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

8714 *ORDE APA/1500/2006, do 17 de maio, pola que se modifica a Orde APA/571/2006, do 2 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria. («BOE» 118, do 18-5-2006.)*

A gripe ou influenza aviaria altamente patóxena é unha enfermidade infecciosa das aves, incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal, causada por cepas A do virus da gripe. As medidas específicas de loita contra a enfermi-

dade están reguladas polo Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, que traspón a Directiva do Consello 92/40/CEE do 19 de maio, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a influenza aviaria.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoonosanitario Internacional da Oficina internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial, daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar todas aquelas medidas preventivas que sexan precisas.

De acordo co artigo 8 da citada Lei 8/2003, do 24 de abril, aprobáronse medidas de prevención mediante a Orde APA/3553/2005, do 15 de novembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria, e posteriormente mediante a Orde APA/571/2006, do 2 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.

Para posibilitar que a autoridade competente poida decidir, baseándose nunha avaliación do risco de acordo coa normativa comunitaria, a vacinación das aves de todos os parques zoolóxicos, e non só dos situados nos municipios incluídos no anexo II, así como para adecuar o prazo para vacinar e o movemento intracomunitario é preciso modificar a mencionada Orde APA/571/2006, do 2 de marzo, incluíndose ambas as dúas medidas no artigo 6, ao tempo que se aclara a definición de explotación non comercial, se suprime a disposición derradeira segunda para que as medidas teñan un carácter permanente, e se emendan certos erros ou omisións na relación de municipios nos cales se establecen medidas especiais de bioseguridade na cría de aves, previstos no anexo II, e na de municipios de especial vixilancia incluídos no anexo III.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira primeira do Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde APA/571/2006, do 2 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.*

A Orde APA/571/2006, do 2 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria queda modificada como segue:

Un. O artigo 2.2.e) queda redactado como segue:

«e) Explotación non comercial: a explotación en que os propietarios das aves de curral ou outras aves cativas as teñen para consumo persoal ou para uso propio, ou como animais de compañía.»

Dous. O artigo 6 modifícase do seguinte xeito:

a) As alíneas c) e d) do punto 2 substitúense polas seguintes:

«c) Todas as aves que vaian ser vacinadas nun parque zoolóxico serano o antes posible, finalizándose a vacinación no prazo previsto no anexo II da Decisión

2005/744/CE, da Comisión, do 21 de outubro de 2005, pola que se establecen os requisitos para a prevención da influenza aviaria altamente patóxena causada polo virus A de subtipo H5N1 nas aves sensibles que se atopen nos parques zoolóxicos dos Estados membros.

d) As aves vacinadas non serán obxecto de intercambios comerciais nin de desprazamentos, a menos que se efectúen entre parques zoolóxicos e baixo supervisión oficial cando se trate de desprazamentos dentro de España, ou que se leven a cabo na forma e condicións previstas no anexo II da Decisión 2005/744/CE, da Comisión, do 21 de outubro de 2005, cando se trate de desprazamentos a outro Estado membro.»

b) Engádesse un punto 3 ao artigo 6 co seguinte contido:

«3. A autoridade competente poderá decidir que as medidas previstas neste artigo se apliquen en parques zoolóxicos non situados nos municipios relacionados no anexo II, tras unha avaliación do risco baseada, polo menos, nos criterios e factores previstos no anexo I da Decisión 2005/744/CE da Comisión, do 21 de outubro de 2005.

Tres. Suprímese a disposición derradeira segunda.

Catro. No anexo II, substitúense os municipios da Comunitat Valenciana polos seguintes:

«Comunitat Valenciana

Provincia de València/Valencia: municipios de: Alfara de Algimia Quart de les Valls, Benavites, Quartell, Faura, Benifairó de les Valls, Albal, Albalat de la Ribera, Alcàsser, Alfafar, Alfarp, Algemesí, Alginet, Almussafes, Benetússer, Benifaió, Beniparrell, Catarroja, Llocnou de la Corona, Massanassa, Paiporta, Picanya, Picassent, Sedaví, Silla, Sollana, Sueca, Torrent, Valencia, Tavernes de la Valldigna, Benifairó de la Valldigna, Simat de la Valldigna, Xeraco, Xeresa, Barx, Pinet, Llutxent, Gandía, Daimús, Guardamar de la Safor, Benirredra, Bellreguard, Miramar, Almoines, Real de Gandía, Palma de Gandía, Rótova, Alfauir, Beniarjó, Benifla, L'Alqueria de la Comtessa, La Font d'en Carros, Ador, Canet d'en Berenguer, Sagunto, Petrés, Gilet, Albalat del Tarongers, Náquera, Rafelbuñol, El Puig, Massamagrell, La Pobla de Farnals, Massalfassar, Albuixec, Museros, Oliva, Palmera, Rafelcofer, Potries, Piles Villalonga e Puçol.

Provincia de Alacant/Alacante: municipios de: Adsubia, Vall de Gallinera, Vall de Ebo, Pego, Orba, La Vall de Laguar, Tormos, Sagra, El Rafol d'Almunia, Benimeli, El Verger, Els Poblets de la Marina, Ondara, Denia, Beniarbeig, Sanet i els Negrals, Benidoleig, Pedreguer, San Fulgencio, Dolores, Almoradí, Rojales, Guardamar del Segura, Formentera del Segura, Benijófar, Algorfa, Orihuela, San Miguel de Salinas, Los Montesinos, Torreveja, Benejúzar, Pilar de la Horadada, Jacarilla, Albaterra, Callosa de Segura, Catral, Cox, Crevillent, Daya Nueva, Daya Vieja, Elche Granja de Rocamora, Rafal, San Isidro, Santa Pola.

Provincia de Castelló/Castellón: municipios de: Alcalá de Xivert Les coves de Vinromà, Vilanova d'Alcolea, Benlloch, Cabanes, Oropesa del Mar, Moncofa, La Vall d'Uixó, Chilches, La Llosa, Almenaras e Torreblanca.»

Cinco. No anexo III, substitúense as zonas e municipios da Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, polos seguintes:

«Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha.

Provincia	Denominación da zona	Municipios ou parte deles
Albacete.	Laguna de Pétrola.	Pétrola, Chinchilla de Montearagón e Albacete.
Ciudad Real.	Embalse del Vicario. Embalse del Gasset. P.N. Tablas de Daimiel. Laguna del Camino de Villafranca. Embalse de la Vega del Jabalón.	Miguelturra e Ciudad Real. Fernancaballero. Daimiel e Villarrubia de los Ojos. Alcázar de San Juan. Granátula de Calatrava e Calzada de Calatrava.
Cuenca.	Laguna de Manjavacas. Laguna del Hito. Embalse de Alarcón. Embalse de Buendía.	Mota del Cuervo. Hito e Montalvo. Alarcón, Olmedilla de Alarcón, Cañadajuncosa, Buenache de Alarcón, Honrubia, Hontecillas, Valverde de Júcar, Castillo de Garcimuñoz, La Almarcha, Olivares de Júcar, Villaverde e Pasaconsol Belmontejo, Albaladejo del Cuende. Villar del Infantado, Castejón, Alcocer, Cañaveruela, Alcohujate, Sacedón, Buendía, Villalba del Rey, Portarubio de Guadajamud, Canalejas del Arroyo e Albendea.
Guadalajara.	Embalse de Bolarque.	Pastrana, Buendía, Almonacid de Zorita, Sacedón, Sayatón, Muñón e Guadalajara.
Toledo.	Lagunas Grande e Chica de Villafranca. Embalse de Castrejón. Embalse de Azután. Embalse de Navalcán. Embalse de Rosarito. Embalse de Cazalegas. Embalse del Finisterre. Laguna del Taray. Lagunas de la Dehesa de Monreal. Charcones de Miguel Esteban. Graveras El Puente. Río Tajo-Seseña-Toledo.	Villafranca de los Caballeros. Polán, Puebla de Montalbán, Burujón. Calera e Chozas, Belvis de la Jara, Las Herencias, Aldeanueva de Barbarroja, Alcolea del Tajo, Navalmoralejo, Azután e Sevilleja de la Jara. Navalcán, Oropesa, Parrilla e Velada. Oropesa, Lagartera e Calzada de Oropesa. San Román de los Montes, Lucillos, Cardiel de los Montes, Castillo de Bayuela e Cazalegas. Mora, Turleque e Tembleque. Quero. Dos Barrios. Miguel Esteban. Seseña. Seseña, Borox, Añover de Tajo, Villaseca de la Sagra, Mocejón e Toledo.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de maio de 2006

ESPINOSA MANGANA

8786 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 520/2006, do 28 de abril, polo que se regulan as entidades que presten servizo de asesoramento a explotacións agrarias e a concesión de axudas á súa creación, adaptación e utilización. («BOE» 119, do 19-5-2006.)*

Advertido erro no Real decreto 520/2006, do 28 de abril, polo que se regulan as entidades que presten servizo de asesoramento ás explotacións agrarias e a concesión de axudas á súa creación, adaptación e utilización, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega, do 2 de maio de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 924, segunda columna, artigo 9, punto 5, cuarta liña, onde di: «axudas establecidas nos artigos 10, 11 e disposición derradeira primeira», debe dicir: «axudas establecidas nos artigos 10 e 11».

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

8939 *ORDE EHA/1543/2006, do 19 de maio, pola que se reducen para o período impositivo 2005 os índices de rendemento neto aplicables no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para as actividades agrícolas e gandeiras afectadas por diversas circunstancias excepcionais. («BOE» 122, do 23-5-2006.)*

Durante o ano 2005, o Goberno aprobou varios reais decretos lei nos cales se dispón que, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o Minis-